



ARTISTA DESDE 1997

---



“

Esta é unha viaxe extraordinaria pola marea máis suxestiva e bravía: o amor.

Esta é a historia de dous peixiños autodidactas aprendendo a amar, dous seres anónimos que deciden contar a súa propia historia anónima de amor.

E xa son máis de 600 exemplares vendidos.

E xa van máis de 1000 mariñeir\*s \*s que navegan canda nós.

E xa é unha realidade a SEGUNDA EDICIÓN DE A+A!  
MIL GRACIAS!



**A performance-presentación** téñ unha duración aproximada de 1h 15m dividida en dúas partes: unha primeira parte na que, de xeito informal e distendido, se explica o porqué e como se fixo este audio-caderno de artista, e unha segunda parte na que, despois de apagar todas as luces do espazo, faise a lectura dos poemas de A+A dun xeito intimista e emocionante.





“

**Necesitamos** un espazo interior con capacidade para 40 persoas como máximo. Este espazo deberá ter a posibilidade de quedar a escuras (ou en penumbra). Así mesmo deberá ser un espazo acolledor e libre de barullo. Tamén necesitamos unha mesa, unha toma de corrente, e cadeiras encartables ou fáciles de mover para toda a xente asistente. Estas cadeiras disporanse no espazo ao inicio da performance a gusto do propio artista.



“

### **O que opinan \*s mariñeir\*s.**

*"Ricardo é un artista non porque teña arte, senón porque a arte o ten a el".* **Rossomarino.**

*"Tenrura cómplice e xenuína. Nunca vira unha obra iluminar tantas miradas".* **Natalia Ibáñez.**

*"Toda unha tormenta de emocións que che fai vibrar".* **Maca.**

*"Unha experiencia da que gardo as luces e as sombras. E o sorriso. E a sorpresa. E as apertas. E da que saín tremendamente feliz".* **Ico.**



“

Máis nada. Moitas gracias pola atención.  
**Boa travesía!**

**PARA NAVEGAR CON NÓS**  
ricardodebarreiro@gmail.com  
instagram **ricardodebarreiro**  
+info en [www.ricardodebarreiro.com](http://www.ricardodebarreiro.com)

